

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE FACENDA E FUNCIÓN PÚBLICA

- 2864** *Orde HFP/232/2017, do 14 de marzo, pola que se derroga parcialmente a Orde HAP/1287/2015, do 23 de xuño, pola que se determinan a información e os procedementos de remisión que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá, con carácter permanente, á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

O artigo 4.2 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, prevé que a Autoridade terá á súa disposición a información económico-financeira relativa ás distintas administracións públicas. Co fin de garantir a eficiencia e evitar duplicidades na remisión de información, o acceso á información realizarase preferentemente a través do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, sen prexuízo de que se poida requirir directamente información adicional ás correspondentes administracións públicas, en concreto cando a información obtida a través do ministerio non resulte suficiente, completa ou requira dalgunha aclaración.

Así mesmo, dispón que, mediante orde do ministro de Facenda e Administracións Públicas, logo de informe da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, se determinarán os datos, documentos e procedementos de remisión, incluídos os telemáticos, que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá, con carácter permanente, á disposición da mencionada autoridade. O anterior entenderase con independencia das necesidades de información adicional que requira a Autoridade para o correcto exercicio das súas funcións e que non estea explicitamente prevista na citada orde.

A Orde HAP/1287/2015, do 23 de xuño, pola que se determinan a información e os procedementos de remisión que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá, con carácter permanente, á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, que agora se derroga parcialmente, pretendeu ser o instrumento eficaz para facilitar a actividade da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal e garantir que obteña a adecuada información para levar a cabo o seu labor con total independencia.

A práctica puxo de manifesto a necesidade de que a articulación dos mecanismos que definan os fluxos de información e o alcance desta información deben estar claramente definidos para o adecuado axuste xurídico das obrigacións de subministración de información que deben desenvolver as administracións públicas e isto, precisamente, para evitar duplicidades e ineficiencias. Esta definición práctica desde o punto de vista da oportunidade, que non da legalidade, enténdese, non se alcanzou adecuadamente por medio da orde que agora se derroga parcialmente.

A Comisión Europea no seu informe do 22 de febreiro de 2017 sobre a transposición do denominado Fiscal Compact no anexo dedicado a España no seu número 4, e aínda sen chegar a invocar ningunha ilegalidade, fai referencia a que algúns números da orde que agora se derrogan: «(...) deixan aberta a posibilidade de restrinxir indebidamente a información (é dicir, os documentos e datos) a que pode acceder a AIReF, o que podería afectar a súa capacidade de desempeñar debidamente as súas obrigacións específicas.»

Ao ser precisamente a vontade e clara intención da Orde HAP/1287/2015, do 23 de xuño, ter o efecto contrario que aparentemente se deixa aberto, enténdese preciso seguir a observación da Comisión Europea e derrogar parcialmente a orde vixente non por razóns de legalidade estrita senón coa finalidade de iniciar de novo o procedemento da súa aprobación nos termos fixados na Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, e que reclamaría o informe previo da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, así como o ditame do Consello de Estado.

Neste sentido, establécese a derogación dos artigos 2, 5 e 12 e mantense a vixencia dos restantes artigos e, en todo caso, a daqueles que supoñen unha transposición parcial da Directiva 2011/85/UE do Consello, do 8 de novembro de 2011, sobre os requisitos aplicables aos marcos orzamentarios dos Estados membros.

Polo anterior e en uso das competencias que me atribúe o artigo 4 da Lei orgánica 6/2013, do 14 de novembro, de creación da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal, dispoño:

*Artigo único. Derogación parcial da Orde HAP/1287/2015, do 23 de xuño, pola que se determinan a información e os procedementos de remisión que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá, con carácter permanente, á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.*

Derróganse os artigos 2, 5 e 12 da Orde HAP/1287/2015, do 23 de xuño, pola que se determinan a información e os procedementos de remisión que o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas terá, con carácter permanente, á disposición da Autoridade Independente de Responsabilidade Fiscal.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 14 de marzo de 2017.–O ministro de Facenda e Función Pública, Cristóbal Montoro Romero.